CONGRESO INTERNACIONAL

# ROSALÍA DE CASTRO NO SÉCULO XXI.

## UNHA NOVA OLLADA




CONSELLO DA CULTURA GALEGA
FEBREIRO. XUÑO 2013

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

ORGANIZA
Consello da Cultura Galega

COMITÉ ORGANIZADOR
Rosario Álvarez
Anxo Angueira
María do Cebreiro Rábade
Dolores Vilavedra

COMITÉ CIENTÍFICO
Ramón Villares, Consello da Cultura Galega (presidente)
Rosario Álvarez , Consello da Cultura Galega (vicepresidenta)
Anxo Angueira, Universidade de Vigo
Catherine Davies, University of Nottingham
Javier Gómez-Montero, Christian-Albrechts-Universität zu Kiel
Helena González, Universitat de Barcelona
Kathleen N. March, The University of Maine
Helena Miguélez, Bangor University
María do Cebreiro Rábade, Universidade de Santiago de Compostela
Dolores Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela

SECRETARÍA
Rosa Aneiros e José Manuel Lens (Área de Actividades do CCG)

Co gallo da conmemoración en 2013 do 150 aniversario da publicación en Vigo de Cantares Gallegos, obra fundacional do Rexurdimento das letras galegas, o Consello da Cultura Galega convoca este Congreso, que se realizará na sede da institución en Santiago de Compostela. Conta cunha programación presencial de conferencias e mesas redondas e con outra virtual, aberta a comunicacións libres.

O Congreso presencial desenvolverase en cinco xornadas mensuais, en sesións de mañá e tarde, entre febreiro e xuño, e contará coa participación tanto dos máis destacados expertos nacionais e internacionais na obra rosaliana coma dun número importante de investigadores máis novos. Todos eles achegarán olladas renovadoras dende distintos campos do coñecemento –historia da ciencia e do pensamento, migracións, ecdótica, historia da prensa, teoría da literatura, etc.–, coa vontade de que esa interdiscipinariedade nos permita acadar un coñecemento máis amplo e profundo.

Os principais obxectivos do Congreso son:

- Amosar a vixencia da obra de Rosalía no século XXI e alentar o seu aprecio por parte do público galego e non galego de todas as xeracións.

- Acoller e poñer de relevo as novas perspectivas de análise que se foron producindo nas últimas décadas, despois do extraordinario pulo que para os estudos rosalianos supuxo o Congreso Internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, que tivo lugar en 1985 e no que tamén participou o Consello da Cultura Galega.

- Estimular novas lecturas críticas da obra rosaliana para propiciar o avance do seu coñecemento.

O CONGRESO VIRTUAL

O Congreso terá tamén unha parte virtual aberta a comunicacións libres, coas mesmas liñas temáticas do Congreso presencial.
Máis información: www.consellodacultura.org/rosalia2013/

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 | Santiago de Compostela | Galicia

Tlfno. 981957202

Máis información e inscrición | difusion@consellodacultura.org

Consulta os materiais en | http://consellodacultura.org/mediateca